

9. A CUESTIÓN NACIONAL NO ÚLTIMO TERZO DO SÉCULO XIX

Co triunfo liberal, España pasou a entenderse como unha nación, un corpo político que debería estar sometido ás mesmas leis e ter os mesmos dereitos, o que se traduciu na abolición de toda as particularidades, mais especialmente dos “fueros” e dos privilexios feudais. Mais tamén a división entre tendencias liberais deu lugar a distintas interpretacións sobre a existencia, valores e formación da nación española, que serviron de base para o desenvolvemento dun **nacionalismo español** conservador e outro liberal-democrático.

Tanto para os liberais moderados e conservadores (Cánovas) como para os tradicionalistas católicos (Menéndez Pelayo), a nación española identifícase como unha entidade colectiva, por riba dos individuos, e na xustificación da súa existencia predominan os argumentos de carácter historicista. Entre os valores conformadores da nación española están: a historia (facendo fincapé na Reconquista, os Reis Católicos e o reino de Castilla), a Coroa, o catolicismo e o territorio. Este nacionalismo conservador español, preponderante ao longo do XIX e comezos do XX, tivo un carácter especialmente unitario, aínda que nun primeiro momento compatible coa defensa das tradicións e costumes locais. Cando xorden as reivindicacións doutros pobos que compoñen o Estado español, o nacionalismo conservador español vólvese a cada momento máis centralista e autoritario, ata o punto de acusar de antiespañol e separatista a todos os que criticasen a súa visión da nación española.

En cambio, demócratas e republicanos (Pi i Margall, Azaña) e rexeneracionistas (Unamuno, Ortega) defenderon a concepción que da nación española tiveran as Cortes de Cádiz, a nación como construción política, como un corpo de asociados unidos polas mesmas leis e pola participación democrática baseada na incorporación das masas populares. Dentro deste tipo de nacionalismo español, as actitudes cara aos nacionalismos periféricos van desde o rexeitamento total ata a busca dun entendemento estable sobre a base común dun réxime democrático e dun sistema pactado de descentralización administrativa ou de autonomía territorial. Tamén existiron propostas moi minoritarias de buscar a unión confederal de todas as nacionalidades peninsulares, incluído Portugal (“*iberismo*”).

Nos militantes de esquerda, existiu un rexeitamento xeral ao nacionalismo español entendido na súa corrente conservadora. Nalgúns casos, sobre todo en Cataluña, desenvolveuse, aínda que de forma minoritaria, un nacionalismo de esquerdas baseado no republicanismo, no federalismo e nas reivindicacións sociais unidas á defensa dos intereses nacionalistas.

O desastre de 1898, coa derrota de España fronte aos Estados Unidos, provocou a aparición dunha ampla reflexión sobre o fracaso e decadencia de España, sobre as dificultades da súa modernización e sobre as raíces da alma española.

As orixes do **nacionalismo catalán** sitúanse na década de 1830, coa convivencia dun dobre sentimento colectivo: español e catalán. O carácter centralizador da política liberal chocou coa cultura e coa lingua tradicionais de Cataluña, que deu lugar ao movemento da Renaixença, que empezou a mediados do XIX tendo un carácter literario e cultural para acabar derivando en político. Ata o Sexenio, o catalanismo reduciuse a unha manifestación cultural, mais durante a I República o federalismo converteuse na base dunha opción política do catalanismo, aínda que non será ata a Restauración cando o nacionalismo catalán adquira novos trazos, en parte como reacción á idea uniformizadora da nación española que defendía Cánovas, reacción que cristalizou en dous modelos distintos de catalanidade:

- O primeiro procedía do republicanismo federal catalán, que reclamaba a soberanía para Cataluña. Predominou na década de 1880, tras a creación do *Diari Català* e a celebración en 1880 do I Congreso Catalanista. O seu principal defensor foi Valentí Almirall.
- O segundo, de carácter conservador e corporativo, defendía desde posicións rexionalistas (Mañé i Flaquer) ata un catalanismo católico de base rural (*La tradición catalana*, de Torras i Bagés) pasando polos defensores dunha Cataluña singular dentro dunha España plural (Unión Catalanista). Foi o que se impuxo na década de 1890.

Coas Bases de Manresa (1892) o catalanismo adquiriu un carácter cultural e político con clara orientación tradicionalista, con intelectuais como Prat de la Riba, voceiro do nacionalismo burgués. A creación en 1901 da *Lliga Regionalista*, primeiro gran partido do nacionalismo catalán, abriu unha nova etapa na Historia dese movemento.

Historia de España. Século XIX (II)

O **nacionalismo vasco** baseouse en tres elementos: o forismo; as guerras carlistas, cuxa derrota provocou a abolición dos foros; e o proceso industrializador, que provocou a chegada de inmigrantes doutras provincias españolas e a rápida transformación da sociedade vasca tradicional.

A cuestión foral foi un dos eixos do enfrontamento entre o Estado liberal e as provincias vascas. A literatura forista, de raíz romántica, recuperou e reinventou a tradición antiga e medieval do pobo vasco a través de obras literarias que idealizaban o mundo rural e facían unha reconstrución histórica baseada en mitos, lendas e tradicións. Esta literatura foi a base do primeiro nacionalismo vasco.

Tras a derrota do carlismo (1876), os foristas dividíronse en dous grupos políticos: éuscaros navarros (defensores da unión vasco-navarra) e euskalerríacos biscaíños (autonomistas), que protagonizaron unha campaña en defensa dos foros (1876-1878).

A burguesía industrial enriquecida polo desenvolvemento da industria metalúrxica e do comercio optou por apoiar o sistema canovista. A clase obreira que xurdiu á súa sombra tamén se distanciou do nacionalismo, ao que viron vinculado aos sectores máis reaccionarios e tradicionalistas.

Os principais dirixentes do nacionalismo vasco proceden do carlismo, co apoio do clero. Sabino Arana, o seu máximo dirixente e ideólogo, procedía dunha familia carlista e militou no carlismo na súa xuventude. En 1894 fundou e presidiu unha sociedade católica moi pechada, *Euskaldun Batzokiza*, que foi o núcleo fundacional do Partido Nacionalista Vasco (PNV), formado clandestinamente, que reivindicou a raza, a lingua e os costumes tradicionais do pobo vasco.

As tres correntes principais do **galeguismo** no último terzo do século XIX, correspondente coa etapa **rexionalista**, eran:

- A **liberal**, herdeira do provincialismo e encabezada por Murguía, defendía o dereito ao autogoberno de Galicia, a descentralización administrativa, a necesidade de reformas económicas e sociais e a necesidade dunha conciencia política galeguista. Era a corrente maioritaria.
- A **tradicionalista**, que xiraba arredor de Alfredo Brañas, autor de *El Regionalismo*, que defendía a descentralización administrativa, a recuperación da vella orde social e a autoridade moral da Igrexa.
- A **federalista**, representada por Aureliano J. Pereira, promovía un republicanismo democrático de base campesiña e pequenoburguesa e unha descentralización fronte ao centralismo caciquil da Restauración.

As tres correntes confluíron na Asociación Rexionalista Galega, que defendía un programa no que se reivindicaba o carácter diferenciado do pobo galego, a descentralización administrativa do Estado o autogoberno da “rexión galega”. Porén, debido ás tensións entre liberais e tradicionalistas, a súa actividade foi decaendo. O grupo galeguista liberal consolidouse na Coruña e o tradicionalista en Compostela.

O grupo liberal fundou a *Liga Gallega*, unha organización que tiña como obxectivo a defensa dos intereses de Galicia e onde se vinculaba o liberalismo democrático co galeguismo progresista. Así mesmo, a Liga coruñesa, con Murguía á fronte, promoveu numerosas iniciativas culturais, como a fundación da Real Academia Galega (1906) e a Escola de Declamación. En 1907, a raíz da experiencia da *Lliga Catalana*, nace Solidaridad Gallega, onde conflúen varios sectores de oposición ao réxime da Restauración como republicanos, tradicionalistas e rexionalistas. O seu fracaso electoral fixo que se vinculasen ao movemento agrarista.